



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O DÍA MARTES 3 DE MARZO DE 2026.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e no Decreto deste Alcalde número 475/2023, do 3 de xullo,

RESOLVO:

Primeiro. Convocar sesión ordinaria da **Xunta de Goberno Local** para:

- ➔ Día: martes 3 de marzo de 2026.
- ➔ Hora: 09,00.
- ➔ Lugar: Salón da Alcaldía da Casa do Concello.

Coa seguinte orde do día:

1. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O 17 DE FEBREIRO DE 2026.
2. AUTORIZACIÓN DE USO DO NICHU 13/A9 DO CEMITERIO MUNICIPAL DO SANTIAGUIÑO DO MONTE SOLICITADA POR MARIA LUISA RODRIGUEZ CAMPAÑA.
3. SOLICITUDE DE EXHUMACIÓN DOS RESTOS DE MARIA CRISTOBO SUÁREZ DA SEPULTURA 19-A2 DO SANTIAGUIÑO DO MONTE E INHUMACIÓN NA FOSA 11 DO CEMITERIO MUNICIPAL DA AVENIDA DA ESTACIÓN E CAMBIO DE TITULARIDADE DO DEREITO DE USO DE AMBAS SEPULTURAS A FAVOR DE MARÍA JOSÉ GARCÍA CRISTOBO.
4. INDEMNIZACIÓNS POR DESPRAZAMENTOS DAS AUXILIARES DE SAF DO MES DE XANEIRO DE 2026.
5. TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE_CFR.
6. TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE_MAA.
7. CORRECCIÓN ERROS NA LIQUIDACIÓN DO I.C.I.O. E DA TAXA E.L.U. DA LICENZA MUNICIPAL PARA RECONSTRUCCIÓN DE MURO DE CONTENCIÓN DE TERRAS EN PARCELA SITA NO LUGAR DE EXTRAMUNDI, EXPEDIENTE 2023/U024/000002.
8. CONTRATO DE SUBMINISTRACIÓN PARA A RENOVACIÓN DA SINALIZACIÓN TURÍSTICA DO CONCELLO DE PADRÓN, EXPTE. 08/2018-SUB-PAS.
9. ASISTENCIAS DOS CORPORATIVOS AS SESIÓNS DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DA CORPORACIÓN CELEBRADAS DURANTE OS MESES DE SETEMBRO DE 2025 A XANEIRO DE 2026.
10. APROBACIÓN DOS PREMIOS DA CARREIRA PEDESTRE XXIII PADRÓN 10K; CONCELLO DE PADRÓN.
11. CONCESIÓN DO XXV PREMIO DE INTERPRETACIÓN TEATRAL MARUXA VILLANUEVA DO ANO 2025 A DONA NATALIA OUTEIRO ROMAY.
13. XUSTIFICACIÓN DO PAGO A XUSTIFICAR CONCEDIDO Á TRABALLADORA SOCIAL, DONA ALICIA FIGUEIRAS IGLESIAS, SENDO ELA MESMA A HABILITADA PERCEPTORA DOS FONDOS, PARA

CUBRIR NECESIDADES BÁSICAS E URXENTES DAS UNIDADES FAMILIARES QUE POLA SÚA PRECARIIDADE ECONÓMICA O POIDAN PRECISAR.

14. PREMIOS DO DESFILE E CONCURSO DO ENTROIDO 2026.

15. HORAS EXTRAORDINARIAS DA ANIMADORA CULTURAL DONA BEATRIZ LORENZO VÁZQUEZ CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN DO DESFILE E CONCURSO DE ENTROIDO 2026.

16. GRATIFICACIÓN A ANIMADORA SOCIAL DONA M^a CRUZ TABOADA ÁLVAREZ.

17. CONTRATACIÓN PÓLIZA DE SEGURO PARA COBERTURA DE ACCIDENTES DOS PARTICIPANTES NA VIAXE REALIZADA A VEDRA CON PERSOAS MAIORES.

18. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS.

19. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS DE EXERCICIOS ANTERIORES.

20. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS DO EXERCICIO ANTERIOR REPARADOS SUSPENSIVAMENTE POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

21. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS REPARADOS SUSPENSIVAMENTE POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL.

22. APROBACIÓN DE FACTURAS E GASTOS REPARADOS SUSPENSIVAMENTE POLA INTERVENCIÓN MUNICIPAL. REPARO 12.

23. ORDENACIÓN DE PAGOS Nº 3/2026.

24. XXV PREMIO DE INTERPRETACIÓN TEATRAL MARUXA VILLANUEVA. 2025.

25. CONVOCATORIA E BASES XXXVI PREMIO LITERARIO CAMILO JOSÉ CELA.

26. ROGOS E PREGUNTAS.

Segundo. Facer pública a presente resolución mediante a inserción da mesma no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello (www.padron.gal), dar traslado da mesma á Intervención Municipal e dar conta á Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Terceiro. Notificar a presente resolución a todas as persoas membros da Xunta de Goberno Local poñendo á súa disposición todos os asuntos incluídos na orde do día no Portal de Cargos Electos accesible dende a sede electrónica do Concello de Padrón (<http://sede.padron.gal/>), coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que ditou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.



Padrón

Concello de Padrón
CIF P1506600D
Rúa Longa, 27
15900 Padrón, A Coruña
correo@padron.gal
www.padron.gal
Telf: 981 81 04 51
Fax: 881 24 93 91

O Alcalde

(documento asinado dixitalmente)

Asdo. Anxo Rei Arca